

Asunto: Publicación da relación de obxectos perdidos depositados na Oficina de Atención Cidadá do Concello de Ferrol durante o 1º trimestre do ano 2022.

ANUNCIO

O Concelleiro Delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal, en base ó informe emitido pola Policía Local e para dar cumprimento ó disposto nos artigos 9 e 10.1 do Regulamento de funcionamento da oficina de obxectos perdidos no Concello de Ferrol:

Artigo 9.-Publicidade de obxectos depositados

Periodicamente e sempre, polo menos, unha vez ao trimestre, expoñerase no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Ferrol, así como na súa web, durante un prazo de quince días naturais, a relación xenérica, de maneira que non permita a súa identificación, dos obxectos depositados na Oficina de Obxectos Perdidos desde a última publicación, e informarse que as persoas interesadas poden acudir á Oficina de Obxectos Perdidos a retiralos. Así mesmo, o devandito anuncio publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Artigo 10.-Prazo de depósito

1.- Os obxectos permanecerán en depósito na Oficina de Obxectos Perdidos desde a súa entrega e por un prazo de dous anos que se comezará a contar desde o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública no taboleiro de edictos, en virtude do establecido no artigo 615 do Código Civil, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Portal de Transparencia.

Con data 29-6-2022 adoptou o acordo de publicar no BOP e no Taboleiro de Anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, a relación dos obxectos depositados na Oficina de Atención Cidadá no 1º trimestre do ano 2022, a efectos de que as persoas, posibles propietarias, poidan reclamar a súa propiedade.

Para a devolución destes obxectos cumpriranse as regras establecidas no artigo 7 do Regulamento de funcionamento da Oficina de Obxectos Perdidos do Concello de Ferrol.

Relación de obxectos depositados no 1º trimestre do ano 2022 na Oficina de Atención Cidadá:

- Documentos persoais de identificación: 4
- Alianzas de ouro :1
- Cadeas de prata:2
- Cadeas de ouro : 2
- Reloxos : 1
- Teléfonos móbiles : 6
- Lentes : 9
- Carteiras, moedeiros e carteiras para tarxetas :7
- Bolsos : 2
- Bixutería: 1

Ferrol, na data da sinatura dixital

O Concelleiro Delegado de Seguridade e Tráfico